



“Hoxe hai una revalorización do pequeno e do auténtico”

Lucía de Santiago, un ano na presidencia de Irimia

A foto que fala

Menos de 10 empresas controlan o acceso mundial aos alimentos. No ano 2 000 tiñan o 16% da produción de sementes; hoxe o 70.



O trasno De relixións

Daniel López Muñoz



Resulta que Trump ten relixión. Díxían que non, que sempre se levaramal con esas cousas, que non era un tipo precisamente sensible para as cousas do espírito e que o único valioso para el eran os beneficios do seu imperio empresarial e as miss América. Foi ben sonora a liorta co papa Francisco a conta do proxecto –ben ilustrativo do seu alto nivel compasivo– de facer un muro con México. Daquela o Papa dixera que tales ideas non podían vir dunha persoa cristiá. E Trump retrucara da súa maneira.

A súa guía espiritual é Paula White, que ten un aspecto moi Trumpista, pero que é unha lideresa pentecosta-

lista. E, máis en concreto, lidera o que se chama a teoloxía da prosperidade. Para quen non haxa dúbidas. Non a teoloxía da fraternidade, non a teoloxía da xustiza, nin moito menos a da igualdade. Tampouco da encarnación, da kénose nin da inculturación. Vai de cara: a prosperidade, o triunfo, o enriquecemento como bendición merecida e divina. Nada novo. É o que necesitaron todos os vencedores da longa batalla da historia: que alguén bendiga a súa impúdica riqueza, a súa arbitrariedade, a súa manifesta falta de humanidade. Paula visita cada quince días a Donald na Casa Branca, informa a prensa recente. E deben retroalimentarse.

Disque son herdeiros do reverendo Norman Vincent Peale, exitoso predicador que morreu no 93, que vendeu millóns de exemplares do seu libro *O poder do pensamento positivo* e que congregaba na súa prédica neoiorquina os protestantes ricos da meca do capitalismo global. Era un cristianismo xeneticamente modificado, con-

vertido en terapia e de “autoaxuda” para ricos, de desculpabilización e toneladas de, “Iuhu!!!!, ...temos que pensar ao grande e comer o mundo”.

Coincidiu no tempo esa información sobre a relixión de Trump coa nova da extradición do coronel Montano, un dos presuntos asasinos de Ellacuría e demais compañeiras e compañeiros. Haberá quen non se lembre. Pero está ben o contraste, porque Ignacio Ellacuría profesaba tamén unha relixión. Que se explicaba na teoloxía da liberación. Que si ten que ver co abaixamento, coa compaixón e coa igualdade que liberan. Un cristianismo sen fandangos nin autoaxudas. Brutalmente honesto.

Se cadra, nesta fase que vivimos de analfabetismo relixioso hai quen non ve a diferenza. Pero fagámolo fácil: para Ellacuría e os seus, o sagrado era xustiza coas vítimas e a liberación dos pobres. E morreron por defendelos. Para Paula e Donald o sagrado é a súa prosperidade e o seu inxente patrimonio, e matarían por defendelo.

Editorial Cataluña: vacina contra o simplismo

Porque pasou o que pasou, vanse celebrar en Cataluña unhas eleccións anticipadas convocadas polo goberno central, con conselleiros na cadea, co expresidente en Flandes, sen autonomía. E, tamén, cunha parte substancial do tecido empresarial “no exilio”, coa comunidade humana desconcertada, polarizada e cansa e coa imaxe internacional do independentismo tocada.

deben medirse ben e non vender a pel do oso antes de cazalo co obús do 155

O famoso choque de trens produciuse, efectivamente. Pero un tren era un ave militar blindado, de alta tonelaxe, e o outro un ferrobús doutros tempos. E, como predicía Mas, anticipando o nulo respaldo internacional, unha independencia autoproclamada que ninguén recoñece non vale para moito.

En todo caso, todo o vivido desde o punto de vista da ciencia política foi do máis interesante. E os que andan dirixindo os partidos e as opinións, en Galicia sen irmos máis lonxe,

deberían tirar as conclusións axeitadas.

Os centralistas deben medirse ben e non vender a pel do oso antes de cazalo co obús do 155. A metade do censo menos algo (ou máis algo, a saber) ten traza de manter un voto a favor das formacións independentistas. Seguro que non pasa nada? Fixo que a solución é a aplicación dun 155 recorrente, cada seis meses, por exemplo, e reconvocar eleccións indefinidamente até que dean como resultado aquel que a Moncloa e o Tribunal Constitucional consideran “politicamente correcto”? Non lle estarán dando a razón a quen mantén que a única maneira de avanzar un centímetro con eles é tensar a corda até que rompa todo?

E os independentistas teñen que facer unha autocrítica real, interna, distinta da que se fai diante dunha xuíza para evitar un encarceramento preventivo, a todas luces excesivo e innecesario. A cidadanía merece un debate sereo e construtivo sobre as solucións á diversidade territorial, cultural e nacional disto que se chama España. As solucións posibles, non as perfectas de cada quen, senón as menos malas –porque isto é política, non relixión–, esas que non satisfán plenamente a todas as partes, pero que deben ter a suficiente carga de novidade e respecto mutuo como para seguirmos avanzando. A vía unilateral puido ter certo valor simbólico, pero tamén unha enorme falta de previsión e, finalmente, de solidez. E o símbolo puido virar en parodia, que é precisamente a maior inimiga do símbolo.

Rumores de esperanza

Xan Guillén

Lembro a situación coma se fose hoxe, pero pasaron uns cantos anos. De feito, eu debía de ter uns dez. Estaba no comedor da casa á hora do xantar. O meu pai, con cara abatida, conta que os veciños de tal casa tiveran unha gran desgraza, xa que resultaba que o pequeño era “subnormal”. Lembro a palabra que resooou nos meus oídos durante días. Un neno subnormal. Logo souben que a palabra eufemística podería ser anormal e que esa enfermidade chamábase síndrome de Down.

Pasaron os anos e volvíñ saber desa familia e dese neno que, igual ca min, medrou. Xa non é un neno. É un home feito e dereito. E fai a súa vida

e traballa repoñendo mercadoría nun supermercado e atendendo nas liñas dos produtos a quen lle pregunta. Disque é eficiente e traballador e que o seu traballo é fixo.


Moito cambiamos en moitas cousas. Unha delas é a consideración sobre o que antes era subnormal, que agora está comezando a integrarse con absoluta normalidade. Nas nosas escolas é normal que haxa raparigos e raparigas con outras capacidades e outras destrezas.

Estamos en Advento. Tempo de esperanza onde o neno Xesús chega silandeiro coma un rumor. Como as grandes transformacións da nosa sociedade. Vivamos con diferenza a




normalidade. E se no noso Belén este ano poñemos un anxo con síndrome de Down? E se un dos pastorciños é autista? E se o neno é unha nena? E se os camelos son...? Para, Xan, que te embalas!

1



3



2



4



A peneira

1

David Corral traballou anos no grupo Avantar de dinamización do galego no ensino. Dedicada arestora a xubilación a estudar as parroquias chairegas da súa nacemento, descubríndonos os segredos e tesouros que garda cada aldea en **LIBROS** feitiçeiros que sorprenden os máis novos.

2

No "Día do **MIGRANTE**", o 20, convidamos a ler ou escoitar en internet o médico da illa italiana de Lampedusa, á que arriban máis inmigrantes dende África. Alí atende a uns trinta deles ao día. No 2016 chegaron a Italia 181000. Foxen do terror e da miseria dun continente do que Europa foi roubando os seus recursos en séculos de colonialismo.

3

A SECA desvasta a flora e fauna dos nosos ríos reducindo a reprodución de salmóns e troitas, privadas de pasos na auga, mentres medran as especies alleas coma o cangrexo americano, e as algas invasoras. Os pozos tamén poden sufrir concentracións de nitratos.

4

Cada ano perdemos 40.000 millóns de litros de **AUGA** nas redes públicas por fugas e avarías, aínda que son 650.000 os usuarios/as que dependen de traídas e pozos veciñais. Urxe a concienciación social sobre a valoración da auga coma ben colectivo e solidario.

5



7



6



8



Alfonso Blanco Torrado

5

O Nadal vén ateigado de xantares e ceas, e cómpre que teñan unha carga de solidariedade coa economía e o rural, propiciando o consumo de produtos galegos, e moito mellor se están etiquetados na nosa fala. Mesmo as ceas de empresa deben ser sensibles á loita da nosa agrogandeiría e pesca por sobrevivir. É **SAUDE** para as persoas e para o comunal. Na foto, Currimar coma toda a vida.

6

O 18 é o "Día da **SOLIDARIEDADE**" e celebramos a entrega de voluntarios/as que viaxan a Senegal coa ONG Ecodesenvolvemento Gaia. Nese país, a sanidade pública tamén hai que pagala, marxinando aos pobres. "Coruña cura" mandoulles máis de seiscentos quilos de medicamentos. Na foto, Nacho Martínez, médico.

7

O CEIDA (Centro de Documentación Ambiental) ofrece aos colectivos o filme '**ASOLAGADOS**', dentro do Ciclo de Cine Ambiental Butaca Verde, (<https://coaaugaopescozo.com>), dirixido por David Vázquez Vázquez, sobre os pobos anegados polo encoro de Belesar no 1963. Son 19 as películas que ofrece en préstamo.

8

O 16, ás 11, na **CIG** en Compostela, convócanos para crear unha "Plataforma Social en defensa da nosa nación", para que se escoite a nosa voz porque a nosa supervivencia coma pobo está en risco, un movemento social que vaia alén das lexítimas opcións políticas partidarias.

Política A día de hoxe

Carlos Vázquez G.



A día de hoxe, calquera home, por moi seguro de si mesmo que se sinta ou por moi ausente que pretenda estar, vai ser interpelado, directamente e miles de veces, por moitas das mulleres coas que se cruce na súa vida. Serán interpelacións aparentemente triviais e ordinarias, en moitas ocasións, pero sempre radicalmente dirixidas a cuestionar ou pór en solfa o seu rol de xénero, no que foi educado e culturalmente concibido e ameistrado. Esta tan repetida interpelación, pertúrbanos aos homes, desacórganos e adoitamos responder fuxindo ou evadín-

donos dela, no mellor dos casos, ou rexeitándoa con diversas formas e graos de violencia, no peor. Violencia sempre de carácter reaccionario, posto que a interpelación vén ser unha proposta revolucionaria que rexeitamos. Como individuos, isto os homes deberíamos facérnolo mirar.

A día de hoxe, o tan heteroxéneo e plural movemento feminista é unha corrente política e cultural, de pensamento e de acción que, en todo o mundo e con fórmulas moi diversas e novas, está desencadeando un proceso autenticamente revolucionario que aspira a unha transformación profunda e radical da convivencia política, económica e cultural da sociedade e que vai moito máis alá desta ou daquela toma do poder puntual. É unha revolución que non precisa da toma de Bastilla ningunha ou de calquera Pazo de Inverno, nun día dado, senón que discorre polo sistema nervioso do corpo social removendo a súa mesma identidade cultural, labrada na historia polo patriarcado.

A día de hoxe, de sinalar os tres primeiros grandes problemas da humanidade, que afectan directamente a todos, eu diría que son o da conservación e sostibilidade do planeta, o problema da crecente desigualdade e da conculcación dos dereitos humanos e o dominio e a hexemonía do capitalismo neoliberal, especulador e improdutivo, que corrompe a política e extrema a explotación de seres humanos e a miseria de millóns de persoas. Pois ben, aquí habería que recuperar as lúcidas e premonitorias palabras da grande feminista soviética, Alexandra Kolontai, que lles espetou aos seus camaradas: "A revolución non poderá realizarse ata que non se resolva a cuestión feminina". Así foi.

A día de hoxe, efectivamente, os problemas cardinais da humanidade nin sequera poden abordarse, con algunha perspectiva de éxito, ata que non callen na humanidade as ideas, principios e valores que impulsa a revolución feminista.

A día de hoxe, esta revolución parece a única esperanza.



O peto común Cambio climático

Josecho de la Torre Culler

Non sei dicir cando escoitei falar por primeira vez de cambio climático, pero xa van uns cantos anos desde que aqueles que fan estudos e outros que senten o latexo arrítmico da nai Terra veñen avisando da situación que se avexiñaba.

Se tomamos ou non tomamos no seu momento as medidas axeitadas para revertir a situación a tempo, pode dar para longas e profundas análises, revolveremos as orixes do planeta e as orixes do problema, pero de pouco servirá. Está aquí. Ims despertando dos soños e abrimos os ollos diante dos pesadelos. Atopamos que iso que sempre foi así e así o acordan os máis maiores do lugar, vai mudando. E nas mudanzas atopamos unha climatoloxía descoñecida, unha Galicia seca como nunca se acorda e unha longa listaxe de síntomas que se estenden polo corpo do planeta. Estamos ante un dos grandes retos da humanidade e facémolo contra o reloxo. Precisamos concienciarnos do problema; amar a Terra e sentila como parte de nós mesmos, aproveitar os recursos que nos ofrece sen danala. Precisamos transmitirille aos cativos e tanto os fogares como as escolas deben ser a primeira pedra que atope no camiño o cambio climático.

Responsables. O planeta pídenos máis ca nunca ser responsables daquilo que está nas nosas mans. Pídenolo a cada un de nós, a cada goberno e a unha industria contaminante que debe buscar alternativas. Estamos nun momento determinante, como así foi cando vimos cando o Prestige ou cando os incendios. Se antes fomos exemplo, non cabe dúbida que novamente o seremos.



O CARRABOXO por ROBE LOIS





Lucía Santiago Díaz vai cumprir o seu primeiro ano como presidenta da Asociación Irimia. Elixida na Asemblea celebrada a principios de 2017 representa a ilusión, a creatividade e o cambio xeracional. Lucía xa leva anos de presenza e compromiso coas causas e coas actividades concretas deste Horizonte Común que desprega Irimia, un horizonte de diálogo fe-galeguidade compartido por comunidades de base de Galicia, por movementos e persoas diversas; un horizonte tamén de compromiso e de esperanza de que, contra calquera aparencia, todo, mesmo esta terra, este pobo e esta fala poden ser salvadas, avivecidas e recreadas.

Parabéns Lucía. Antes de nada, como valoras a túa experiencia persoal como presidenta deste invento que xa ten aló preto de corenta anos?

A verdade é que non se parece moito ao que eu imaxinaba que sería estar na Presidencia de Irimia. Por unha banda foi un cambio persoal moi intenso pois participo en varias asociacións e tiven que centrarme sobre todo nunha, o que nunca fixera. Ademais, está a faceta organizativa, burocrática, que consume moitos esforzos. Realmente xa o intuía cando

Conteino polo miúdo no libro de homenaxe a Xaquín de Roca “*Ganduxando vidas*”. Resumindo, a cousa naceu dun conflito que xurdiu na miña parroquia en Covas, Ferrol, cando chegaron uns curas integristas. Acabaron enfrontándose ás mulleres que levaban a igrexa, mesmo con episodios que rozaban a violencia física, entre as que estaba a miña avoa. Así que eu rompín con ese tinglado.

Non obstante, un día escoitámoslle a unha veciña sobre unha capeliña moi antiga, onde só había misa unha vez

este enganche produciuse
en parte porque eu estaba
a procura de respostas

empecei a colaborar co blogue da revista (www.irimegos.wordpress.com), ou desde a Directiva, pero ao estar na Presidencia sentín unha responsabilidade especial. Nunca fun presidenta de nada e, a pesar de que temos unha forma de traballo moi colexiada, isto da Presidencia faime ver Irimia doutro xeito.

Como chegaches a este “planeta Irimia” e como decidiches que pagaba a pena?

ao mes e onde o cura era unha persoa ‘normal’ que quedaba a falar coa xente despois da misa e contaba chistes. Por acompañar a miña avoa, fun con ela un domingo. Alí atopei a Xaquín e ao grupo de Ferrol.

O punto de inflexión foi cando Xaquín me convidou a ir á Romaxe daquel ano. Eu non podía ir pois tiña outros compromisos. Cando llo dixen, chamoume a atención que non insistira e limitárase a dicir ‘queda

para o ano que vén'. Descolocoume esa forma de pensar a longo prazo pois, a maioría dos eventos aos que asistía, buscaban o resultado inmediato e non había segundas oportunidades. Posteriormente descubriría que se trataba de algo distinto, dunha continuidade de actos, eventos, xente.... (ese universo Irimia máis que planeta) cunha intención e sentido global. Gustoume. E enganchei.

Penso que este enganche produciuse en parte porque eu estaba a procura de respostas. O feito de poder compartir momentos con persoas tan especiais como son as do *universo irimego* (intercambiar opinións, asistir a cursos, escribir...) axudoume a abrir camiños para seguir nesa procura.

Relacionado con iso, que trazos de Irimia serían os máis interesantes e sedutores, por así dicilo, para persoas da túa xeración?

A ver, eu non represento a ninguén. Si que podo contar o que máis me interesa a min e as impresións de amigos meus.

A primeira impresión é a calor humana. O acollemento dos irimegos e irimegas cando chegas a calquera reunión, Romaxe ou Festa do Lume. Cun sorriso na cara acóllente sen xulgar nin facer preguntas incómodas.

Unha vez que estás máis dentro, un dos aspectos máis sedutores é poder estar, escoitar e traballar con persoas que son parte da historia viva de Galicia. Coñecer a esas persoas, traballar canda elas é moi enriquecedor pero ao tempo impresiona. Percibes que antes ca ti houbo xente cos mesmos soños, de que hai moitas opcións de vida diferentes e que “*si se pode*” facer un mundo mellor.

Por outra banda, hoxe hai unha revalorización da espiritualidade e da mística, tamén do pequeno e do auténtico. A sociedade evolucionou e é moito máis secular. Neste contexto, o *universo irimego* dá resposta ás de-

mandas da xente sen divorciar vida cotiá e vida espiritual ou relixiosa. Sen imposicións, sen sacrificios innecesarios. Crea puntos de encontro onde xente moi diferente partilla os mesmos valores (por exemplo: o compromiso) e tece rede.

Representas en moitos aspectos un cambio cultural; por experiencia e por cultura xeracional estás de cheo no mundo das novas tecnoloxías. Con respecto a proxectos como Irimia,

hoxe hai unha revalorización da espiritualidade e da mística, tamén do pequeno e do auténtico

que teñen as redes sociais, por exemplo, de oportunidade e de ameaza?

Eu son de redes sociais a nivel usuario. Ollo, non son unha profesional. Partindo desta base, penso que as redes son ferramentas que se poden usar de moi diferentes maneiras. É como un coitelo, serve para cortar xamón ou para matar a alguén.

As redes sociais, Internet en xeral, son unha ferramenta ideal para as organizacións de base, para os que estamos

empeñados en facer unha sociedade máis autónoma. Entre outras cousas son baratas, flexibles, son malas de controlar desde un centro de mando, permiten moitos graos de participación, etc. No fondo parécese moito a Irimia e ás comunidades de base: diferentes graos de compromiso, moitas opinións, moitas circunstancias persoais...

Irimia é herdeira dunha tradición simbólica e celebrativa, as romaxes cumpren un papel: unha liturxia

desde o compromiso, que chegou a convocar a miles de persoas, creando unha linguaxe e unha simbólica propia. Fronte a relixiosidade de masas, que non permite descubrir ao outro, a participación en Irimia é a expresión de compromiso cunha opción espiritual persoal na que contactamos con moitos outros cos que nos podemos identificar. E isto é dalgunha maneira semellante ao que pode pasar nas redes sociais.



Pingas de orballo As Doroteas

Baldomero Iglesias Dobarrío (Mero)



Xuntámonos no mes de agosto en Galegos (Frades, A Coruña) ao redor das monxas que levan tantos anos no Pazo servindo, con abnegación e sen facer sequera ruído, os veciños e amigos da contorna. Son un xuntoiro de monxas en práctica de exemplo integrador no rural, nos xeitos de relación da xente e o seu credo, nestes tempos que veñen tolos e deixan

Triunfaron porque construíron esperanza, desde abaixo

tanto baleiro de incompreensión polo camiño. Souberon estar, cousa difícil, coa dor, coa soidade, co esforzo de conciliar e de tirar para adiante, convocando na dirección correcta, para sumar esforzos. Sen outras teorías. Algunhas estaban na mesa presidida do xantar, ergueitas na dignidade, co pelo branco pero inmensamente felices. O tempo pasou pero seguen afirmándose na fe dun mundo novo, única práctica que move a convivencia. Que exemplo! Ecos quedan da madre Gamallo, Regueiro, Zurita, Visconti, García, Jesusa, Esther,

Cambeiro, Garza, Salgueiro, Pazos, Pepa, Luisa, Visi, Rial, Martínez, Ferreirós, Tere Garea, Elvira, Paz, Angelines, Amalia, Fina, Carmiña e Reme. Algunhas delas coñecinas hai moito tempo, quizais corenta anos, ao vir de mestre para estas terras. Seica había unhas monxas raras e todas, aínda as de fóra, falaban galego. Devolveron terras aos veciños do herdo encomendado pola familia Linares Rivas para reverteren no ámbito social e humano desta zona deprimida. Devolveron tamén a dignidade ao rural. Traballaron a terra no servizo aos demais e axudaron a erguer en eidos educativos, sociais e culturais, aprendéndolle a moitas xeracións, pois aloumiñaban o desexo de ensinar e abrir os ollos.

Este día alí estaban todos agradecidos, con elas na cabeceira da mesa. Triunfaron porque construíron esperanza, desde abaixo. Se aprenderan os políticos! Eu, por un momento, boteime atrás na lembranza. Aquelas sementeiros de orgullo fértil, proxectos culturais, propostas ousadas e pequenas revoltas. Moito gozamos! Aínda na ilegalidade da nosa Lingua faciamos vida e porvir. Argallamos deseños contrarios ao establecido. Métodos para a integración do rural no ensino, para o encontro en propiedade da nosa Lingua zonal con motivadores textos que –agora si– falaban de ríos, montes, costumes, cantidades, tradicións, letras, poesías, cancións, contos, lendas... valorando o Noso. Chegamos tamén aos soños, nesa práctica dos valores que unen, sobre todo atrás dun mundo mellor e máis noso. A convivencia, a relación cos Peleteiros, tres paúles loitadores que a propia orde purgou, por seren boas persoas. Outros curas do arredor, innovadores, mestres que buscábamos con desespero novos camiños para dinamizar as aburridas clases regradas e lonxe da realidade. Fixe-

mos revistas marxinais como *Que quede quen o conte*, a enciclopedia do rural en voz do rural. Morreu – miña pobre- de soidades e atrasos, tentaba solucións á realidade sen afalto.

Elas participaban entusiasmadas e, despois de todos os traballos e dos tempos de recolleto, tiñan azos para facernos a merenda e festexar connosco as ansias, alentando a leve resistencia. Fixemos moitas reunións e, naquelas antes do Nadal, algún abrigado cocido e botelo. Que doces, e aquel pan de noces! Perduran recendos de agasallo, grelos e patacas da horta, viño dos cregos! Pero o maior pracer era a sobremesa, falar sen présa ao redor do lume, na irmandade das historias e o sorriso. Riamos de nós, das autoridades educativas e a súa ousada ignorancia da aldea, non tanta coma hoxe. Tamén das autoridades eclesiásticas, rancias e antigas que, coma hoxe, destrúen a semente da confianza. Que mágoa, que perda!

Unha delas, María Regueiro, era moi simpática e eu contáballe chistes

verdes de curas e monxas. Lémbroa especialmente, aquel día cando lle contei o chiste do sancristán que pedía con tres petos. Nunha man o peto de San Roque e na outra o peto da Santa. E no terceiro, atado a redor da cintura, cunha corda gobernando o corpo adiante e atrás, nun movemento de ousada tradución obscena, e dicía: “...e aquí prás monxas!?” Escachabamos coa risa, ela evocaba detalles, rosmando compracida: “que cousas me conta este condenado!”

Non sei como contarvos a tenrura que dela gardo, metida naquel corpo grande, remangada coas escravas mans do traballo da terra, co sorrir nos ollos, coa ansia enorme de vivir. Hai anos habita outra dimensión de luz e de nostalxia, seguro comenta -desde aló enriba- as miñas verdes ocorrencias. En realidade era sabia e, por selo, sabía que a ledicia é, xunto co amor, a chave que mellor abre os corazóns. No rural, cómpre “estar” (como fan e fixeron elas), non chega con falar de lonxe. Que sabias, canto nelas aprendemos! Honra merecen pois!



IMPRESO PARA FACERSE SOCIO DE IRIMIA OU SUBSCRIBIRSE Á REVISTA

Se queres facerte socio, subscribirte á revista IRIMIA (ou coñeces a alguén que lle poida interesar recibir de balde os tres próximos números da revista) recorta este impreso e envía o Apartado 296 - 15704-Santiago de Compostela, ou escribenos a irimia@wanadoo.es ou subscricions@asociacion-irimia.org

NOME: APELIDOS:
 ENDEREZO:
 CÓD. POSTAL: CONCELLO OU CIDADE: PROVINCIA:
 TELÉFONO CORREO ELECTRÓNICO

QUERO SER SOCIA/-O: 3 €
QUERO SUBSCRIBIRME: Ordinaria: 30 €
 De apoio: 45 € Subscrición anual (22 números)
60 €

QUERO SER 60x100:

DOMICILIACIÓN
 BANCO OU CAIXA E AFORROS:
 DOMICILIO DO BANCO: CÓD. POSTAL:
 CONCELLO OU CIDADE: PROVINCIA: TITULAR DA CONTA:
 Nº de CONTA: _ _ _ _ / _ _ _ _ / _ _ _ _

Sírvase atender ata novo aviso, e con cargo á miña conta, os recibos que ó meu nome lles sexan presentados ó seu cobro por IRIMIA.

En a de de 201__.

Atentamente.

Se queres podes ingresar directamente en calquera das nosas contas indicando claramente o teu nome no impreso de ingreso e enviándonos unha copia xunto cos teus datos.
 Conta: ABANCA ES63 2080 0349 8530 4000 5822

IRIMIA

O libro de Luciano Concheiro é curtísimo. Lese ben. Finalista do Premio Anagrama de Ensaio.


Reflexiona o autor sobre as présas, sobre un mundo embriagado de velocidade. E atopa na aceleración o trazo que mellor define a nosa época e a deriva dun planeta enfermo.

Política, economía, relacións sociais, modas, consumo, o corpo, todos os escenarios da epopea humana semellan condenados a correr, a non poder deterse para non caer, a pisar o acelerador. Como se a velocidade fose a vida. Como se o paso pausado levara á morte.

Analiza Concheiro desde o seu prisma as etapas do capitalismo. O industrial, o tecnolóxico, o financeiro. Sempre coa mesma obsesión polo beneficio, pero cada día máis urxente, máis desesperado, máis acelerado.

Tamén a política ten postas orelleiras curtopracistas. Nada de políticas a longo prazo. Ancorada no presente é incapaz de prospectiva. Políticos e políticas oportunistas, coa vista posta nas próximas eleccións, apartan aos estadistas.

Tado vai pasando factura. Vivir nun mundo enfermo pola présa, pola aceleración provoca individuos alienados, estresados, dependentes de



tranquilizantes e euforizantes. Semella que a obsolescencia programada, ou o mundo do efémero nos obxectos vale tamén para as relacións sociais, para o mundo laboral, mesmo para as relacións amorosas. Todo resulta

cia tanxencial éche bo antídoto para un mundo fusco, para este camiñar a cegas que, no lombo da aceleración, non leva a ningures.

O principião, de Saint-Exupéry rexeitaba as píulas contra a sede que

O autor reflexiona sobre as présas e atopa na aceleración o trazo que mellor define a nosa época

efémero, ancorado no carpen diem, ou como recorda Zygmunt Bauman, todo é líquido.

O autor atopa unha táboa de salvación nunha filosofía na que o tempo deixa de transcorrer: a filosofía do instante. A súa proposta de resisten-

aforraban cincuenta e tres minutos semanais. Prefería gastalos camiñando paseniñamente cara a unha fonte.

Concheiro propón experimentar o instante no que os minutos deixan de correr, o reloxo perde as agullas e toda aceleración resulta imposible.

Gerardo Villar

Non sei se Xosé e María pagaron as alcabalas ao saíren de Nazaré, coas présas... O que si teño claro é que non pagaron ao chegaren a Belén. De noite... Deixámolo para mañá! E o aluguer da cova por aqueles poucos días. Era tempada baixa e era unha cova. E como tiveron que fuxir axiña perseguidos, pois iso que aforraron.

Seguramente que Xosé pensou que ao apuntarse no censo, tería logo que pagar máis impostos. Porque xa sabes, se constas no concello, decontado chegan os recibos... ou como se cobrase daquela. Pero ao chegar de noite a Belén, pensaron que ían de paso.

Os pastores pensaron en desgravar polo año e o leite que levaron a Xesús. Pero ao final todos se puxeron de acordo en obxectar os impostos a Herodes, porque os gastaba en comprar armas para matar nenos.

Os anxos cantaron gratis e non cobraron.

Non sei se os cueiros llos deu a Seguridade Social. Seguro que eran dalgunha tea vella. E claro aforráronse os gastos de focos, porque unha Luz grande iluminounos.

Total, que o nacemento foi do máis barato. Non houbo gastos



extras. Nin comadroa oficial. Agás algunha pastora entendida nesas artes do parto. A calefacción gratis: a mula e o boi.

Ollo cos reis! Soamente eran magos e andaban tan despistados de camiño como pobres de diñeiro. Aforraron os focos e farois dos camelos por aquilo da estrela. Pero ao aparcaren en Xerusalén xa lles querían cobrar. Menos mal que dixeron que ían estar con Herodes. E claro, tiveron aparcadoiro oficial.

E de teléfono, ordenador, nin whatsapp, nin tarxetas; nada de nada. Todo con anxos e mensaxes divinas. E non contrataron panxoliñas porque as entoaron a medias entre os anxos e os pastores.

Non sei por que nos empeñamos en grandes custos para celebrar a Gratitude e o Amor de Deus.

Ben pensado, tiveron sorte aínda que a clínica non fose moi famosa.

Nadal é celebrar o amor gratuíto de Deus.

O noso taboleiro

FESTA DO LUME 2018. ARQUEIXAL, PALAS DE REI.

Despois do bo sabor de boca que nos deixou a Festa do Lume de Sobradelo, este ano volvemos a un lugar inédito, que non descoñecido, como é Arqueixal. Falamos da Parroquia de Albá no Concello de Palas de Rei. Arqueixal (a ARte dos QUEIXos de ALbá) é un proxecto de ecoturismo rural que basea a súa filosofía no traballo de produtos lácteo-ecolóxicos co turismo rural.

Ademais nos últimos anos, Arqueixal está sendo lugar de celebración do *Son de Aldea*, un proxecto cultural recente que ten cada ano máis acollida.

Aproveitando o enclave, o relatorio deste ano na Festa do lume terá por nome “**Experiencias vitais**” no que contaremos con Xosé Luís Carreira, promotor de Arqueixal dende hai 30 anos e de Son de Aldea. Xunto a el teremos a Ana Corredoira, bióloga e gandeira que se dedica á elaboración de produtos lácteos ecolóxicos en A Cernada. Aos seus 25 anos Ana tivo que asumir a responsabilidade de reactivar a pequena granxa de gando vacún de leite, sustento da familia desde unha aldea tamén do concello de Palas de Rei. Todo isto nunha xornada na que previamente teremos a Asamblea Anual dos Socios de Irimia e rematará coa celebración da Candeloria.



FESTA DO LUME 2018

Día: 3 de Febreiro en Arqueixal.

- 9:30h Café.
- 10:00h Asamblea dos Socios/as de Irimia.
- 12:00h Mesa redonda aberta sobre “Experiencia de vida no rural” con:
Xosé Luís Carreira de AR-QUEIXAL.
Ana Corredoira de A CERNADA.
- 14:30h Xantar compartido (todos traemos algo para xantar).
- 16:30h Celebración da Candeloria.

REVISTA DE ECONOMÍA RURAL E TURISMO RURAL

IRIMIA

“Hoxe hai una revalorización do pequeno e do auténtico”
Lucía de Santiago, un ano na presidencia de Irimia


**Deputación
DA CORUÑA**

EDITA: Asociación A. IRIMIA

MESA DE REDACCIÓN: Daniel López Munoz, Luís Gómez Aldegunde, Pedro Pedrouzo Devesa, Rubén Rivas Vidal, Lidia Campos Chan, Lines Salgado Iglesias, José Antonio Martínez. Tlf. 986 10 49 45.

COLABORADORES: Victorino Pérez Prieto, Manolo Regal, Alfonso Blanco Torrado, Xosé Lois Vilar, Marta Sopena, Tareixa Ledo Regal, Clodio González Pérez, Xabier Blanco, Valentina Formoso Gosende, Antonio Pinto Antón, Carmen Soto, Rubén Aramburu, Marisa Vidal, Xan Guillén, Christina Moreira, Carlos Vázquez G., Teresa Souto Loira, Josecho de la Torre Culler, Lucía Santiago Díaz, Baldomero Iglesias Dobarrío (Mero), Lois Ferradás, Xaquín Campo Freire, Nieves Espiñeira Medín, Francisco Almuíña, Alfonso Mascuñana, Antón Laxe, Ramón Díaz Raña, Olga Álvarez, Engracia Vidal Estévez, Manuel Arca e J.M. Barca López, Manolo G. Turnes.

CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA: Lidia Campos Chan, Luís Aldegunde.

RECEPCIÓN DE ARTIGOS E COLABORACIÓNS EN: revistairimia@asociacion-irimia.org

SUBSCRICIÓNS: Apdo. 296 – 15704 Santiago de Compostela. Telf.: 615 464 095 / subscripciones@asociacion-irimia.org
Ordinaria: 30 Euros, de Apoio: 45 Euros. Cota de socio: 3 Euros.

PARA ASUNTOS DA ASOCIACIÓN NON RELACIONADOS COA REVISTA: asociacion-irimia@asociacion-irimia.org

CONTA: ABANCA ES63 2080 0349 8530 4000 5822 - Urbana, nº 8 - Santiago

DEPÓSITO LEGAL: C-1417-81 **TIRADA:** 650 exemplares

DESEÑO E MAQUETACIÓN: TallerDD (Ninfa, Riveiro, Martínez)

ISSN: 2172-9182

IMPRIME: TÓRCULO Artes Gráficas

DISTRIBÚE: IMPACTA

EDICIÓN ELECTRÓNICA: <http://asociacion-irimia.org/revista.html>

FEITO EN PAPEL RECICLADO



Boa Nova



Estreamos ano litúrxico co Advento, e Xoán preséntanos unha persoa fundamental na vocación de Xesús: Xoán o Bautista. Fillo do sacerdote Zacarías, tiña a vida solucionada no servizo ao Templo, pero Xoán non quere entrar no sistema clerical. Vaíse ao deserto, afástase do lugar do poder que lle corresponde por estirpe para deixarse interpelar pola xustiza, para poñerse nas mans de Deus.

Empeza no deserto, no lugar da fondura, onde poder atoparse consigo mesmo. Xoán muda mantos e filacterias por pel de camelo, e xexúa para estar preparado para o momento da xustiza de Deus que xa chega. Isto impresionou a Xesús. Había tanto tempo que en Israel non había un auténtico profeta que non dubida en apuntarse ao proxecto de Xoán. Bautízase, e con ese sinxelo xesto emprende unha vida de compromiso e servizo aos demais. En Xoán Xesús aprende o que significa a palabra conversión: estar sempre disposto a cambiar, a deixarse transformar por Deus.

O mozo Xesús non está en todo de acordo do seu mestre. Xoán predica o castigo, a machada ao pé da árbore, escapar á ira de Deus... Xesús no fondo do seu corazón entende que Deus é Pai e Nai, e non cre que poda sentir ira polos seus fill@s, senón un eterno e inconmensurable amor. Entende Xesús que ese amor é a verdadeira dinámica para o cambio, por iso non segue xexúns nin austeridades. Para Xesús a salvación é para todos, gratuítamente, e, sobre todo, alegre: como o convite a unha festa. Onde Xoán ve renuncia, Xesús ve o gozo da Vida, auténtica e plena, a vida no Reino.

Pois que así sexa. Bo Nadal

Marisa de Corme

O ECO

Eu son a voz que clama no deserto... como os 15.000 científicos de todo o mundo que nos avisan do desastre cara ao que imos co cambio climático. Eu son a voz que clama no deserto... como os activistas que, unha e outra vez, nos lembran a morte de tantos inmigrantes no Mediterráneo. Eu son a voz que clama no deserto... como as noticias que nos contan, día si e día tamén, os casos de mulleres mortas, feridas, violadas, maltratadas.

Eu son a voz que clama no deserto... e parece que ningué escoita. Poderíamos poñernos dramáticos e pensar que as cousas non teñen arranxo, que todo vai de mal en peor, que...pero non. Non, porque xa están entre nós os nenos e nenas que han de ver como o futuro cambia, porque xa hoxe non somos quen de crer que estas situacións sexan normais e que o mundo teña que ser así. Aínda non estamos certos de cara onde tirar pero non podemos nin debemos quedarnos cruzados de brazos. Quizais nós non cheguemos a velo mais non será porque non o intentemos. Esa é a nosa tarefa.

Olga Álvarez

A CLAVE

DOMINGO 17 de decembro. III de Advento

A PALABRA Xn 1, 6-8.19-28

A PALABRA

Naquel tempo, Houbo un home mandado por Deus: o seu nome era Xoán. Este veu de testemuña para dar testemuño da luz, para que todos cresen por el. Non era el a luz, senón que veu para dar testemuño da luz. E este é o testemuño de Xoán cando os xudeus lle mandaron de Xerusalén sacerdotes e levitas onda el, para lle preguntar: «Ti quen es?» El declarou e non negou. Declarou: «Eu non son o Cristo.» Preguntáronlle: «Entón quen es ti? Es Elías?» Contestou: «Non son.» «Es o profeta?» Respondeu: «Non.» 2Daquela dixéronlle: «E, logo, quen es? Para que lles poidamos dar unha resposta aos que nos mandaron. Que dis de ti mesmo?» El dicía: «Eu son a voz do que clama no deserto, "endereitade o camiño do Señor"» (...),

Falando da lingua Veñan elas acompañadas...

Lidia e Valentina



Unha cuestión familiar xuntounos a unha chea de parentes esta fin de semana e, coma en todas as familias que se precen (parabéns se a vosa é a excepción que confirma a regra...), sempre hai alguén que estea o vaso por onde estea, sempre o ve baleiro... Nós escoitamos atentamente tanta desgraza que por aquelas bocas saía e así soubemos que...

«-María a da Casa grande non a parece, moi apatronada está!

-Ai, está, está, está vella mesmo! E Lola, que é por aí do seu tempo, non se dá a tan vella...

-Oi, si, ho, é que Lola tenche moito quen mire por ela e María, a pobre, non...

-E o que tamén está acabado de todo é Rosendo, o do Regueiro. Está acabadiño! Co bo mozo que el era... Era un tipazo!

- Oi, si, pero ese vaiche moi andado... Tenche bo mal ese...

- Así e todo, moito se avellou dun tempo a esta parte. Eu vírao no velorio da sogra de Rosa, a da Torre, e... o que tal reveu! Hoxe atopeino seco! Está consumido!

- (Unha garagallada) O tempo non se che para con ninguén... E na casa do Regueiro á vellez mírranche todos... Acórdaste da señora Candelaria? Cando morreu, non levaba máis ca a pel e os ósos, ía mirradiña...

- Tamén tes razón... E o Abelardo! Tamén como el está, quedei abraiada!

- Si..., pero ese seica non che ten cousa boa... Seica anda nos médicos... Cando se mete o demo no corpo, non hai que lle facer... Meu pobre, ten moi mala color...! Parece un defunto..., non ten máis ca a pel e os ósos... Malpocado! e aínda sae da casa, aínda lle gusta ir aos sitios...

- Vaia, ho, non che sabía nada... E que mesmo parece que a terra está a chamar por el... Eu ata lle vin o fociño afiado... e non me gustou nada, pero, claro, vino alí cando chegou Pepe, que xa tirou por min para a casa, e non puider falar con el, que se non, aínda lle había preguntar...

- Pois foi mellor así, muller... El mete medo velo, mete medo mirar para el. Non ten máis ca o coiro...

- Ai, aínda che había xente... Si... Eles tamén van a todos...

- Si... E a que está esluruxadiña de todo é a filla de Lupita... Parece que se lle meten os ollos para dentro...

-Oi, si, pero esta éche porque non come... Queren ter bo tipo e están secas... A mocidade agora... Eses non che teñen necesidade ningunha... Téñenche bo mal eses... E parece que non come auga con sal...

- Pois tenche unha cara de miseria, os ollos afundidos... Ten a fame laceira!

- O que seica non che lle anda nada ben éche o *abuelo... Seica está nas últimas... Todas che son desgrazas, muller... Agora que estaban ben, que non lles faltaba de nada... Co que leva traballado, sempre polo mundo adiante...

- Si, éche ben certo... E iremos alá! Xa parrandamos un pouco!

- Ai, si, ho. Haiche que saír da casa, muller, que se non, non se sabe nada...»

Fraseoloxía abonda para rexoubar non refrescaron estas mulleres...

O Fachineiro do fascismo

Rajoy fai que non sabe

Hai uns días Rajoy dixo a bordo dun buque militar que non sabía por que lle quitarán o nome de Salvador Moreno á rúa na que vivira de novo. Calquera pode ir á Galipedia para comprobar como este individuo se adheriu con entusiasmo ao golpe franquista, como foi premiado co Ministerio da Mariña polo ditador e logo ascendido a almirante. O tal suxeito deulle tamén nome a un instituto de Marín ata hai poucos anos. Rajoy ben sabe, pero o que está dicindo é que non só non lle importa, senón que os fascistas deberan seguir sendo recoñecidos e non esquecidos ao abeiro da Lei de memoria histórica a que el decidiu non dedicar nin un céntimo. Postos a escoller mariño, na



propia Pontevedra está enterrado Paio Gómez Charíño, almirante de mar de Afonso X, quen polo menos soubo facer cantigas. Agora que as repúblicas son trending topic, quizais haxa xente que non saiba que a Illa de Arousa se declarou república independente no ano 1934. Nunha taberna repartiuse a presidencia e os ministerios. A república arousá durou un día, o tempo que tardaron en enviar desde Marín un buque con gardas de asalto para acabar coa sedición. A cousa acabou en traxedia, porque no 36 os ministros da república arousá foron fusilados e o presidente, ademais, fondeado no mar con pedras na barriga. Para que Rajoy saiba e non esqueza estaría ben regalarlle o libro *Seique*, de Susana Sánchez Aríns.